


IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes



CONCELLO DE O PORTO DO SON
2024 – 2028

Índice

1.	Introducción e inspiración.....	4
2.	Marco normativo de referencia.....	6
3.	Secuencia.....	11
4.	Poboación destinataria.....	13
5.	Período de vixencia.....	15
6.	Análise diagnóstica.....	17
7.	Áreas de actuación.....	40
8.	Seguimento e avaliación.....	61
9.	Agradecementos.....	64



1



Introducción e inspiración

Un plan de igualdade é un compromiso institucional de previsión e coordinación dun conxunto de accións que teñen como obxectivo promover as condicións para a igualdade entre mulleres e homes.

É unha ferramenta que lles dá valor a diferentes actuacións que se van levar a cabo co obxectivo de seguir buscando a equidade entre mulleres e homes.

Os principios que fortalecen a inspiración para o actual PIOM son os seguintes:

Acción positiva

Compromiso

Formación

Información

Participación

Respecto

Sensibilización

Transversalidade

O Concello de O Porto do Son leva anos comprometido con este obxectivo. Ademais, estes principios forman a columna vertebral deste proxecto.

Este é un documento vivo que pide que afondes nel, que participes, avalíes e propoñas. Parte dun estudo (punto 6, “Análise diagnóstica”) que nos amosa a realidade na cal nos atopamos e proporciona unhas ferramentas (punto 7, “Áreas de actuación”) coas cales alcanzar unha sociedade máis equitativa e igualitaria para todas as persoas.



2




Marco
normativo de
referencia

As **políticas de igualdade de oportunidades** incorporan a perspectiva de xénero na planificación, desenvolvemento e avaliación das políticas xerais en materia de educación, saúde, emprego, participación...

A promoción da igualdade e equidade de xénero encóntrase no centro das políticas sociais. Como se seguen observando desigualdades, é de vital importancia a incorporación do xénero nas políticas públicas co fin de conseguir estruturas sociais máis xustas e igualitarias.

Estas políticas son a base das accións que se levan a cabo no Plan de igualdade de oportunidades, polo cal se fai necesario facer un percorrido atendendo os diferentes niveis:



Políticas internacionais

- 1ª Asemblea Xeral da ONU (26 de xuño de 1945)
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)
- I Conferencia Mundial sobre as Mulleres (1975)
- Aprobación da Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (1979)
- II Conferencia Mundial sobre as Mulleres (1980)
- III Conferencia Mundial sobre as Mulleres (1985)
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres (1995)
- Axenda 2023

Políticas europeas

- Tratado da Unión Europea
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Carta dos Dereitos Fundamentais da UE (2000)
- Compromiso estratéxico para a igualdade entre mulleres e homes 2016-2019
- Pacto europeo para a igualdade de xénero 2011-2020
- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia de xénero e a violencia doméstica, 2011 (España, 2014)

Políticas estatais

- Constitución española (1978)
- Lei 16/1983, do 24 de outubro, da creación do Organismo Autónomo Instituto da Muller (1983)
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (2014)
- Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller 2013-2016
- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2018-2021
- Real decreto 455/2020, de 10 de marzo, polo cal se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Igualdade
- Orde IGD/506/2021, de 20 de maio, pola cal se modifica a Orde IGD/577/2020, de 24 de xuño, pola cal se crea o Consello de Participación das Persoas Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais e Intersexuais (LGTBI) e se regula o seu funcionamento

- Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes
- Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo cal se regulan os plans de igualdade e rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo
- Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Políticas autonómicas

- Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (1991)
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero
- VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

Políticas locais

- Plan de igualdade do Concello de O Porto do Son 2019-2023



3



Secuencia

- I. Definición e constitución da mesa de coordinación
- II. Recollida da normativa en materia de igualdade
- III. Análise da realidade sociodemográfica do concello de O Porto do Son
- IV. Revisión do anterior PIOM
- V. Avaliación de necesidades
- VI. Emprego de ferramentas participativas
- VII. Posta en común coa mesa de coordinación



4



Poboación
destinataria

Este plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un documento feito e dirixido a toda a poboación do concello de O Porto do Son e a todas as persoas interesadas en calquera das actividades e áreas aquí recollidas.



5



Período de
vixencia

2024-2028



6



Análise diagnóstica


Análise diagnóstica

Para poder conseguir os obxectivos propostos hai que realizar unha primeira análise que nos amose a realidade do concello. Isto lévase a cabo mediante un estudo estatístico a partir das fontes oficiais (datos do propio Concello, do Instituto Galego de Estatística, do Instituto Nacional de Estatística...) grazas ao cal se poidan adecuar da mellor maneira as actuacións propostas neste plan.


DEMOGRAFÍA

Este apartado céntrase en analizar a situación demográfica do **concello de O Porto do Son**, afondando no número de habitantes, nas diferenzas en canto ao xénero, na evolución co tempo e na poboación estranxeira ou saldo migratorio.

Temos como punto de partida a situación xeográfica do concello de O Porto do Son, un municipio da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Noia. Conta con 10 parroquias: Miñortos, Goiáns, Nebra, Noal, Baroña, Queiruga, Ribasieira, Caamaño, Xuño e San Pedro de Muro. Cunha extensión de 94,5 km², cabe destacar que os núcleos máis poboados se atopan nas parroquias de Noal (O Porto do Son) e Goiáns (Portosín).




Os últimos datos da poboación, referidos ao ano 2023, indican que o concello conta con 9.125 habitantes. O concello perde poboación lenta e progresivamente desde os anos 80, década en que superou 11.000 habitantes. O patrón amosado nos últimos anos (desde 2015 á actualidade) amósanos que esta tendencia continúa.




Elaboración propia a través dos datos do INE

Se facemos referencia ao número de habitantes no ano 2023 **segundo o xénero**, encontrámonos con que, de 9.125 persoas, 4.527 son homes e 4.598, mulleres.



Elaboración propia a través dos datos do INE


Afondando na **evolución temporal**, encontrámonos con que estas cifras se manteñen no tempo, tendo unha porcentaxe similar por xénero e cunha lixeira superioridade no número de mulleres.



Elaboración propia a través dos datos do INE

Para poder complementar máis a información demográfica, faise unha análise da **poboación estranxeira** a partir das últimas cifras actualizadas, que se refiren a 2022.


Do total da poboación, 9.153 habitantes, 8.957 son de orixe nacional e 196 son poboación estranxeira.



Elaboración propia a través dos datos do INE

Volvendo facer fincapé nas diferenzas de xénero, é máis alto o número de homes de orixe estranxeira: 101 varóns estranxeiros fronte a 95 mulleres.

A través desta análise podemos observar como co paso do tempo aumenta lixeiramente a diferenza en número entre homes estranxeiros e mulleres estranxeiras.



Elaboración propia a través dos datos do IGE


Ano	Total	Homes	Mulleres
2019	159	81	78
2020	184	90	94
2021	183	96	87
2022	196	101	95

Elaboración propia a través dos datos do IGE

Polo tanto, pódese observar que non hai unha correlación co total da poboación, xa que mentres esta se atopa en descenso, neste eido ocorre o contrario. Isto fai que sexa necesario analizar o **saldo migratorio**, para ter en conta non só as persoas que chegan ao concello, senón tamén as que se van.

Os últimos datos aos cales se fai referencia no Instituto Galego de Estatística son do ano 2021 e teñen en conta o saldo migratorio total, interior e exterior, por 1000 habitantes. Deste xeito, mide mediante unha taxa que se expresa en ‰ (tanto por mil) cal é a diferenza entre as entradas e saídas nunha localidade e nun ano en concreto. Segundo os datos amosados, o saldo migratorio é positivo nun 7,37‰. A migración interior atende as migracións de orixe nacional e a exterior, as estranxeiras.

Total por 1000 habitantes	Interior por 1000 habitantes	Exterior por 1000 habitantes
7,37	2,53	4,84



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Facendo unha investigación en canto ao xénero dentro das taxas de saldo migratorio, obsérvase que é máis elevado o número de mulleres en ambas as áreas, tanto nas entradas coma nas saídas.

	Total	Interior	Exterior
Homes	8,68	1,34	7,34
Mulleres	6,10	3,70	2,40
Total	7,37	2,53	4,84

Elaboración propia a través dos datos do IGE

Para acabar co apartado de poboación estranxeira, facemos referencia á **nacionalidade de procedencia**, onde se pode observar por orde descendente o seguinte: África, Europa, América e, por último, Asia.

Total	Homes	Mulleres
82	58	24
50	29	21
40	7	33
9	5	4


Elaboración propia a través dos datos do IGE

Para obter un maior coñecemento da realidade social da comunidade faise unha revisión dos **grupos de idade** dentro da poboación total. Por unha parte, obsérvase que os grupos de maior número de persoas que habitan en O Porto do Son están entre os 35 e os 69 anos, tendo o seu máximo entre os 55 a 59 anos e, o mínimo, no grupo de 90 e máis anos.

Grupos de idade	Total
0 a 4	243
5 a 9	349
10 a 14	377
15 a 19	426
20 a 24	380
25 a 29	395
30 a 34	458
35 a 39	526
40 a 44	678
45 a 49	569
50 a 54	680
55 a 59	750
60 a 64	685
65 a 69	641
70 a 74	534
75 a 79	540
80 a 84	336
85 a 89	302
90 e máis	190

Elaboración propia a través dos datos do IGE


Para saber como inflúe o **xénero nos grupos de idade** faise unha revisión desta. Podemos observar como hai unha notable diferenza que dá pé a seguir afondando na relación entre o xénero e o **envellecemento**, xa que nos grupos de idade das persoas máis vellas o número de mulleres é máis alto, posto que teñen unha maior esperanza de vida. Isto implica que teñamos que ter en conta este aspecto para as actividades e necesidades con relación á terceira idade.



Elaboración propia a través dos datos do IGE

En relación con isto, observamos a seguinte gráfica que nos amosa a evolución no tempo da **natalidade, a mortalidade e o saldo vexetativo**.

A natalidade é o número de nacementos nun ano, a mortalidade é o número de defuncións nun ano e o saldo vexetativo é a diferenza entre ambos. Para que a poboación aumente é necesario que o número de nacementos sexa superior ao das defuncións. Canto ao noso concello, o saldo vexetativo é negativo desde 1990.



Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

No concello de O Porto do Son o **saldo vexetativo** é negativo, xa que o número de defuncións é maior ca o número de nacementos; obsérvase como esta diferenza é maior co paso do anos.

No último rexistro de 2022 o saldo é de -64, xa que os nacementos suman 55 e as defuncións, 119.

Isto garda relación co avellentamento da poboación e unha importante correlación co índice de **dependencia**, ao tratarse dun concello en que os grupos maioritarios da poboación están na idade adulta e na terceira idade.

Finalizamos a análise do crecemento natural atendendo a **natalidade**. Acabamos de ver como foi diminuindo nos últimos anos. Atendendo a taxa bruta de natalidade, establecemos unha comparativa entre o concello, a comarca, a provincia e a comunidade.


	Concello	Comarca	Provincia	Comunidade
Taxa bruta de natalidade	6,0	5,53	5,49	5,38
Idade media da maternidade	33,28	33,26	33,37	33,26

Elaboración propia a través dos datos do IGE (2021)

Nesta comparativa vese que o concello ten maior taxa bruta de natalidade ca a súa contorna.

En canto a idade media da maternidade, vemos que O Porto do Son, dentro da comparativa, é similar ao resto das zonas analizadas.

A idade media da nai podémola ver por grupos de idade na seguinte gráfica:




Elaboración propia a través dos datos do IGE (2022)

Concluindo: faise necesario amosar os datos relacionados coa **dependencia**. Segundo o Instituto Galego de Estatística, a través da última enquisa estrutural a fogares realizada no ano 2017, en Galicia hai os seguintes datos:

- **117.875 persoas** con dependencia
- **144.539 persoas cuidadoras** de persoas con dependencia
- **3.6%** das persoas reciben **menos horas dos cuidados que precisan**
- **67.53%** das persoas cuidadoras tiveron **repercusión na súa saúde mental**

Se analizamos o número de persoas con dependencia, atendendo a gráfica desagregada co xénero, apreciamos un maior número de mulleres.



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Todos estes datos son os que nos van axudar a elaborar as accións necesarias en función das necesidades que se observen e da poboación destinataria.

ENSINO

Neste apartado analizamos o contexto e o medio educativo do Concello de O Porto do Son. Nel atopamos **11 centros educativos**:

<i>Escola infantil de Caamaño</i>
<i>Escola infantil de Carballosa</i>
<i>Escola infantil de Porto do Son</i>
<i>CEIP Santa Irene</i>
<i>CEIP do Campanario</i>
<i>CEIP de Queiruga</i>
<i>CEIP de Portosín</i>
<i>CEIP de Seráns</i>
<i>CEIP de Xuño</i>
<i>CEIP Plurilingüe Sobrado</i>
<i>IES Porto do Son</i>

A partir dos datos obtidos no Instituto Galego de Estatística, que proporcionan información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, analizamos numericamente o alumnado matriculado nos centros sostidos con fondos públicos na infantil, na primaria e na ESO. En primeiro lugar, vese un descenso do alumnado matriculado neste último ano en todas as etapas. Logo, atendemos a diferenza segundo o xénero.

Unha menor cantidade de alumnado matriculado garda relación directa co descenso da natalidade e coa situación que acabamos de analizar.

Educación infantil	Total	Homes	Mulleres
2020	166	92	74
2021	173	90	83
2022	166	81	85
2023	149	70	79

Elaboración propia a través dos datos do IGE

Educación primaria	Total	Homes	Mulleres
2020	366	183	183
2021	362	183	179
2022	366	181	185
2023	349	177	172

Elaboración propia a través dos datos do IGE

Educación secundaria obrigatoria	Total	Homes	Mulleres
2020	291	154	137
2021	271	149	122
2022	272	181	117
2023	266	177	128

Elaboración propia a través dos datos do IGE

FOGARES

En primeiro lugar, facemos un achegamento ao número de vivendas do concello. Estes datos recóllense do ficheiro de microdatos do *Censo de poboación e vivendas* elaborado polo INE en 2011, polo cal contamos con posibles variacións.


Total	6.421
Vivendas familiares	6.416
Vivendas principais	3.338
Vivendas non principais	3.078
Vivendas secundarias	1.858
Vivendas baleiras	1.220

Elaboración propia a través dos datos do INE

Continuando co estudo e tendo en conta as vivendas principais, extraemos o número de persoas que viven neses fogares e atopamos vivendas destes tipos:

- *1 persoa: 690*
- *2 persoas: 709*
- *3 persoas: 789*
- *4 persoas: 721*
- *5 persoas: 342*

Facendo unha comparación cos datos do ano 2021 en Galicia e tendo en conta o número de anos de diferenza, que pode supoñer tamén un cambio no municipio, facemos a seguinte comparativa, da cal podemos extraer que o concello conta con máis proporción de vivendas dun alto número de persoas, a pesar de que con máis de 6 só están rexistradas referíndose ao ámbito da comunidade. A vivenda máis habitual é a unifamiliar.



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Dentro dos fogares atopámonos coa realidade de construción do concello, onde a través da ficha municipal do Instituto Galego de Estatística, con rexistro do ano 2022, atopamos o seguinte:

Número de vivendas para crear de nova planta	13
Número de edificios para crear de nova planta	13


Elaboración propia a través dos datos do IGE

O número de construcións que se realizan nunha zona demograficamente analizada pode vincularse co crecemento da poboación. Coñecer a situación dos fogares achéganos a comprender outras áreas estudadas, como poden ser o benestar ou a calidade de vida e apreciar así que todas ás areas se atopan dalgunha maneira interrelacionadas.

EMPREGO


Nesta área facemos unha análise dende unha perspectiva laboral, onde en primeiro lugar rescatamos o último número das afiliacións á Seguridade Social. Falamos de 2.995 persoas no total, das cales 1.535 son homes e 1.460, mulleres.

Facendo unha recapitulación ao longo dos anos vemos un aumento no número de persoas afiliadas co paso do tempo:



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Para continuarmos con esta evolución, facemos un estudo a través do xénero:



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Dentro do Instituto Galego de Estatística, a partir do informe municipal, obtemos que no ano 2022 hai 721 empresas, no total, no concello, das cales facemos unha desagregación: 577 corresponden a persoas físicas, 5 son sociedades anónimas, 102 son de responsabilidade limitada, 3 cooperativas e 34 están clasificadas como “outras”.

Dentro destas empresas atopamos os seguintes sectores:

Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
186	48	116	371

Achegamos agora as taxas de paro segundo o *Informe do mercado de traballo* da provincia da Coruña a través do Sepe no ano 2021. Segundo isto, do total da poboación nese ano, 9.155 persoas, atopamos 1.712 persoas traballadoras afiliadas e 1.235 contratos rexistrados. É importante ter en conta tamén as persoas demandantes que se atopan no paro, que son 379 no total.

Dentro destas cifras facemos referencia ao último rexistro, para achegarnos a unha realidade máis próxima segundo o paro rexistrado, primeiro facendo fincapé na idade:

	Total	Homes	Mulleres
Total	317	125	192
Menores de 25 anos	10	6	4
25 a 29	25	14	11
30 a 34	36	9	27
35 a 39	32	13	19
40 a 44	31	10	21
45 a 49	39	15	24
50 a 54	40	12	28
55 a 59	58	27	31
60 a 64	46	19	24

Tamén facemos referencia aos últimos rexistros de contratos realizados en 2023 no Instituto Galego de Estatística:


	Total	Homes	Mulleres
Contratos iniciais	866	483	383
Duración indefinida	521	340	181
Temporais ou de duración determinada	345	143	202

Dentro do total de contratos rexistrados, atopamos que a maior porcentaxe está dentro do sector dos servizos, sector seguido da agricultura e pesca, industria e, por último, a construción.

A través da situación do emprego, acercámonos ás diferenzas por xénero e á fenda salarial, que en porcentaxe nos últimos anos en Galicia ten un 9,2 en 2021, un pouco por enriba da taxa de España, que corresponde ao 8,9.

BENESTAR SOCIAL

O benestar social engloba diferentes ámbitos aos cales nos achegamos por medio da enquisa estrutural dos fogares, que nos explican, no ámbito da comunidade de Galicia, a satisfacción da poboación con determinados ámbitos da súa vida.



Elaboración propia a través dos datos do IGE

Como vemos, dentro disto atopamos a satisfacción con ámbitos de carácter persoal e social, ademais de coa contorna.

Este espazo móstranos a lista de centros que promoven a participación veciñal, ademais de fomentar actividades lúdicas, culturais e educativas. Serve de nexo entre o xénero, a idade, a cultura, os valores... e promove o coidado persoal e o comunitario.

Dentro do tecido social atopamos no ano 2023 entidades prestadoras de servizos sociais e comunitarios, repartidas nas seguintes áreas:

Comunidade	Dependencia	Discapacidade	Familia	Igualdade
Inclusión	Infancia	Maiores	Menores	

VIOLENCIA DE XÉNERO

O Porto do Son conta cun **Programa da muller**, que atende mulleres que detectan dificultades, necesidades e demandas para facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar, ofrecéndolles unha atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e poñendo á súa disposición os recursos e instrumentos que promoven a confianza nelas mesmas para esixir unha convivencia en igualdade.

A poboación destinataria do servizo do programa é toda a poboación en xeral, aínda que ten como beneficiarias principais as mulleres.

Este programa atende as demandas sen cita previa e dálles prioridade aos casos de violencia de xénero. Dependendo da situación ou problema hai a posibilidade de facer derivacións a outros recursos ou persoas traballadoras.

Estes son algúns dos obxectivos que se atopan dentro da área da Igualdade do Concello:

- Promover, impulsar e incrementar unha **participación activa da muller** na sociedade.
- **Sensibilizar** a cidadanía sobre a desigualdade de xénero existente na sociedade.
- Impulsar a **coeducación** e a progresiva **eliminación do sexismo** na escola, así como a segregación por razón de xénero na comunidade.
- Previr posibles situacións de **violencia de xénero**.
- Levar a cabo **medidas de protección** en favor da muller vítima de violencia de xénero.

É importante tamén falar dalgunhas das actividades realizadas que fan posible alcanzar estes obxectivos, como son estas:

Asesoramento e asistencia psicolóxica	Atención psicolóxica, realización de valoracións e orientacións psicolóxicas, intervención individual, asesoramento, intervención en crises, derivación, realización de informes psicolóxicos naqueles supostos en que sexan solicitados
Atención e asesoramento xurídico	Derivación aos CIM de referencia (Noia e Ribeira), nos cales recibirán asesoramento e orientación xurídica, información referida ao dereito de familia, violencia de xénero, dereito penal, civil, discriminación sexual, acoso laboral etc.
Programa Atenpro	En convenio coa Cruz Vermella, é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía axeitada, ofrécelles ás vítimas da violencia de xénero que teñan unha orde de protección ou de afastamento unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que lles poidan sobreir, as 24 horas do día, os 365 días do ano.
Mesa de Coordinación Local	Os seus obxectivos son garantir e implementar accións e fórmulas preventivas, e ofrecer unha atención integral e de calidade para as vítimas de violencia de xénero.
Programa educativo en materia de igualdade e prevención das violencias para os centros de ensino	Enmárcase nunha acción global de sensibilización na igualdade entre mulleres e homes e de promoción dunhas relacións entre sexos baseadas na liberdade e o respecto mutuos, para prever situacións de desigualdade e de violencia e rexeitando calquera manifestación desta.

A realidade en que vivimos é a que demostra a importancia de traballar de maneira transversal a igualdade, así como sensibilizar e concienciar a poboación. Estas son as cifras que mostran as denuncias por violencia de xénero nos últimos anos.

6.537	6.551	6.078	6.259	7.029	5.310
2018	2019	2020	2021	2022	2023


Elaboración propia a través dos datos do IGE

Esta táboa representa as cifras en Galicia. Se consultamos o número de mulleres mortas por violencia de xénero, no que transcorre de ano 2024, atopamos 2, e 31 no total do ámbito estatal.

E se profundamos na situación das habitantes do concello de O Porto do Son, dende o ano 2021 vemos que acoden ao Centro de Información da Muller no Concello de Ribeira 17 mulleres, das cales 6 son vítimas de violencia de xénero.

Tamén obtemos os datos do Centro de Información da Muller do Concello de Noia, onde se atenderon 41 mulleres no total, 16 das cales son vítimas de violencia de xénero.

Nesta gráfica móstranse os datos da totalidade de mulleres que acoden a ambos os CIM, segundo a idade:



Logo de estar feita a revisión da parte diagnóstica do concello de O Porto do Son, e para poder realizar unhas actuacións adecuadas en cada unha das áreas, obsérvanse diferentes necesidades, que son as que lles dan valor aos obxectivos que se pretenden conseguir.

As **áreas** que se comprenden no actual Plan de igualdade de oportunidades son as seguintes:

- ①. Coeducación e formación con perspectiva de xénero
- ②. Promoción económica e emprego
- ③. Conciliación, corresponsabilidade e comunidade
- ④. Saúde, benestar integral e calidade de vida
- ⑤. Sensibilización e erradicación da violencia de xénero

Cada unha destas áreas presenta unha análise na cal se reflicten as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades dos factores internos e externos que repercuten internamente no concello, e na sociedade en xeral.

A motivación das actividades que se programan parte dunha realidade demográfica na cal a poboación está envellecida e os grupos maioritarios da poboación están na adultez e na terceira idade.

A isto súmanse características que tamén repercuten na elaboración das actuacións, como atoparnos con que cada vez hai unha menor natalidade ou o alto número de persoas dependentes.

Outro factor para ter en conta e que resulta moi importante para a situación sociolaboral dun concello é a promoción económica e o emprego, unha área que resalta por atoparse cunha alta porcentaxe de mulleres en situación de paro e un maior número de contratos de traballo de duración determinada.

Pódese engadir que os datos reflectidos tanto no ámbito local coma no comunitario son tidos en conta para poder elaborar da mellor maneira actuacións cunha perspectiva o máis actual e realista posible.



7



Áreas da
actuación

Área 1 - Coeducación e formación con perspectiva de xénero

Coeducar é educar ás nenas e nenos en igualdade, facer conscientes dende a infancia da existencia dos estereotipos de xénero para traballalos e derribalos.

Formar é un proceso que capacita e prepara ás persoas en determinados coñecementos, habilidades e ámbitos mediante unha aprendizaxe e experiencias.

O xénero é unha categoría analítica acerca dos roles, identidades e valores atribuídos ao feito de ser varón ou muller, fundamentalmente asinados por procesos de socialización.

Estes tres termos atopámoslos de maneira transversal nas seguintes actividades desta área, cada un co seu obxectivo específico e todos co xeral de que é importante educar en igualdade e tomar conciencia feminista, vendo a realidade social na que nos atopamos e sendo conscientes dos cambios que queremos como comunidade.

<i>Debilidades</i>	<i>Amezas</i>
Require do compromiso de traballo por parte das persoas destinatarias. As medidas lévanse a cabo de maneira puntual.	Descenso do número de nenas e nenos matriculados nos centros educativos. Presencia de estereotipos de xénero, linguaxe sexista e roles de xénero. Crenza errónea en que xa hai unha igualdade entre mulleres e homes.
<i>Fortalezas</i>	<i>Oportunidades</i>
A educación en igualdade é unha boa ferramenta de cambio social. A formación en igualdade rompe cos estereotipos e roles de xénero. Predisposición por parte do concello para levar a cabo medidas que fomenten a igualdade.	Identificación de necesidades formativas en materia de igualdade. Existencia dunha gran cantidade de recursos e empresas ou asociacións que traballan a igualdade.

Obxectivo	Sensibilizar en materia de prevención e igualdade de xénero
Medida	Obradoiros nos centros educativos en materia de igualdade que traballan diferentes áreas como os: estereotipos de xénero, as novas masculinidades, a prevención da violencia de xénero, a coeducación, as relacións sas, ou as relacións afectivo-sexuais.
Persoas destinatarias	Alumnado dos centros educativos
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Profundar na identidade de xénero, nos estereotipos e na educación afectivo-sexual
Medida	Taller sobre a diversidade sexual e o respecto ao colectivo LGTBIQ+
Persoas destinatarias	Alumnado dos centros educativos
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Visibilizar mulleres referentes en diferentes eidos
Medida	Exposicións visuais mediante fotografías e carteleira con diferentes temáticas
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Sensibilizar a poboación en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero
Medida	Programación específica do 8M e 25N no que se empregarán diferentes recursos: pancartas, vídeo-foros, creacións de curtas ou vídeos, concurso de debuxos, talleres dinámicos ou contacontos
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionarios de satisfacción

Obxectivo	Promover a igualdade de xénero a través das diferentes actividades, contidos e materias
Medida	Ter en conta o enfoque de xénero na programación das actividades do concello así como cos contidos reflectidos e material empregado.
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Caixa de correo de suxestións

Obxectivo	Traballar os estereotipos e roles de xénero profundando no eido laboral
Medida	Muller e ciencia
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Visibilizar mulleres referentes para promover unha educación sen estereotipos de xénero
Medida	Creación de pezas audiovisuais con entrevistas a mulleres
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Área 2 - Promoción económica e emprego

A situación laboral que nos atopamos na actualidade foi evolucionando co paso dos anos. Pero tras analizar a área do emprego, atopámonos varias características que nos demostran a importancia de seguir traballando a igualdade.

Algunhas destas poden ser: a Acción Positiva, a Dobre Xornada, a Igualdade de Oportunidades, o Patriarcado, os Roles de Xénero, a Segregación Ocupacional por Razón de Sexo, a Socialización de Xénero ou o Teito de Cristal.

Isto fai que analicemos como repercuten no concello e que medidas hai que adoptar para poder mellorar as necesidades atopadas.

<i>Debilidades</i>	<i>Amezas</i>
Porcentaxe máis alto de mulleres en situación de paro. Poboación moi envellecida. Maior número de contratos de traballo nas mulleres con temporalización determinada.	Atribución por xénero a determinadas formacións. Escasa formación en materia de igualdade nos oficios.
<i>Fortalezas</i>	<i>Oportunidades</i>
Aumentar a difusión das demandas laborais dentro do concello. Potenciar a formación en determinados postos de traballo tendo en conta a oferta e demanda no concello.	Aumento das medidas laborais que favorecen a igualdade de oportunidades. Medidas que fomentan o emprendemento con perspectiva de xénero.

Obxectivo	Mellorar a inserción laboral das mulleres en situación de vulnerabilidade e doutros colectivos vulnerables
Medida	Formacións con perspectiva de xénero
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Mellorar a inserción laboral das mulleres promovendo o emprendemento
Medida	Formación sobre emprendemento con perspectiva de xénero
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Manter informada á poboación sobre os recursos que promovan o emprendemento
Medida	Difusión na páx. web do concello con axudas e subvencións que promovan o emprendemento
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Favorecer a formación en determinados postos de traballo nos que hai oferta laboral no propio concello ou que se atopan con bastante demanda
Medida	Orientación profesional con perspectiva de xénero
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Visibilizar as ofertas laborais esixentes no concello para axudar ás persoas desempregadas ou que queiran cambiar ou mellorar o seu emprego
Medida	Liña activa coas empresas do Concello por si precisan persoal laboral poder ofertalo dende a web e no taboleiro de anuncios presencial
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Manter informada á poboación sobre os diferentes recursos económicos
Medida	Difusión na páx. web do concello con axudas e subvencións en relación co mercado laboral
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Área 3 - Conciliación, corresponsabilidade e comunidade

Atopamos tres termos neste apartado centrados en buscar beneficios a nivel individual, familiar e social, os cales desempeñan importantes funcións de maneira transversal co resto das áreas.

En primeiro lugar falamos de *conciliar*, isto é, a posibilidade de que unha persoa poida compatibilizar os intereses, obrigacións e necesidades da vida. Este concepto, que cada vez ten máis importancia na sociedade, busca un modelo que fomente unha plenitude en todos os ámbitos da vida (no persoal, no familiar, no social, no laboral...) e no que se valore o traballo no fogar e nos coidados.

Con conciliar, non so falamos con respecto á infancia, senón tamén á terceira idade, que neste concello é unha parte da poboación moi importante.

A continuación atópase a *corresponsabilidade*, que nos fala da importancia de romper a xa construída estrutura social de xénero, onde se atribuían un maior número de tarefas ou obrigas con respecto o fogar e os coidados ás mulleres, e a través da cal se pretende impulsar unha equidade nestas responsabilidades.

Esa equidade de xénero fai referencia á xustiza no tratamento de homes e mulleres tendo en conta as súas necesidades, e considerados equivalentes en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

Por último faise referencia á *comunidade*, na cal buscamos non falar só de maneira individual, senón dun conxunto, dun fomento de alianzas e unión entre todas as persoas que forman parte do concello.

Para conseguir este obxectivo traballamos os lazos e que se realicen accións que beneficien este concepto de unión, na que a participación activa das persoas é a clave. Isto é importante para un concello como O Porto do Son, xa que conta cun número elevado de parroquias e cunha dispersión demográfica ampla.

<i>Debilidades</i>	<i>Amezas</i>
Número elevado de persoas dependentes. Alto porcentaxe de persoas da terceira idade.	Falta de corresponsabilidade entre as mulleres e homes. Roles de xénero que atribúen os coidados ás mulleres.
<i>Fortalezas</i>	<i>Oportunidades</i>
Recursos no concello que favorecen a conciliación. Aportación de medidas que fomentan a corresponsabilidade entre mulleres e homes.	Maior conciencia social da importancia de conciliar. Maior oferta de asociacións e empresas que reforzan e traballan os roles de xénero na sociedade.

Obxectivo	Manter os servizos conciliadores que presten apoio ás familias
Medida	Campamentos en épocas festivas e vacacións escolares
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Promover os recursos conciliadores do Concello, facilitándolle as medidas especialmente ás familias en situación de vulnerabilidade
Medida	Prazas gratuítas ou con baixo custo para familias en situación de vulnerabilidade
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Potenciar os servizos conciliadores que presten apoio ás familias
Medida	Intentar que as actividades sexan nun horario que axude á conciliación
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Concienciar sobre os estereotipos e prexuizos existentes e como repercuten a nivel social
Medida	Formación sobre os roles de xénero: no ámbito laboral e no fogar
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionarios de satisfacción

Obxectivo	Dar a coñecer os recursos da comunidade e asociacionismos existentes a través de diferentes medios de comunicación
Medida	Potenciar os recursos da comunidade e asociacionismo existentes do concello
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Visibilizar os recursos conciliadores da comunidade existentes a través dos medios de comunicación
Medida	Difusión dos recursos de conciliación que proporciona o concello a través da páxina web.
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Impulsar e promover os vínculos sociais das persoas e que axuden a fortalecer a comunidade
Medida	Actividades que fomenten a integración de todas as parroquias do concello
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Fomentar a corresponsabilidade entre homes e mulleres no fogar
Medida	Formación en corresponsabilidade no fogar con perspectiva de xénero
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Área 4 - Saúde, benestar integral e calidade de vida

A área anterior achéganos agora a facer mención das aquí citadas saúde, benestar integral e calidade de vida, as cales se complementan e relacionan dunha maneira na que se conseguen unha con axuda doutra.

A OMS define a *saúde* como “un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente como ausencia de afeccións ou enfermidades”.

É a saúde a que nos leva a falar do *benestar integral* das persoas, que fai referencia a un estado no que se favorece o desenvolvemento da persoa en todas as áreas da vida: a cognitiva, a física, a emocional, a social, a laboral, a social...

E é o benestar integral o que nos require facer mención á *calidade de vida*. Segundo a OMS é a “percepción do individuo sobre o súa posición na vida dentro do contexto cultural e o sistema de valores no que vive e con respecto as súas metas, expectativas, normas e preocupacións”. Algúns destes indicadores son: á saúde, a alimentación, educación, traballo, vivenda, seguridade social, vestimenta, tempo libre e dereitos.

<i>Debilidades</i>	<i>Amezas</i>
Número elevado de persoas da terceira idade.	Aumento dos problemas de saúde mental.
Falta de programación específica neste ámbito.	Necesidade de sensibilizar á poboación sobre as consecuencias dos estilos de vida actuais.
<i>Fortalezas</i>	<i>Oportunidades</i>
Ampliación das formacións en materia de saúde.	Crecente conciencia sobre a importancia do autocoidado. Incremento no número de ferramentas para traballar a saúde mental.

Obxectivo	Promoción da saúde mental
Medida	Formacións en diferentes ámbitos como: o manexo de ansiedade, sinais para a detección de trastornos da alimentación, o climaterio e a menopausa, o manexo da depresión,...
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Dotar ás persoas cuidadoras de recursos persoais para manter unha boa saúde a través do autocoidado
Medida	Promoción de encontros de autocoidado e sociocoidado para as persoas cuidadoras
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Sensibilizar sobre a importancia da auto-exploración e axudar a previr o cancro
Medida	Taller de detección precoz do cancro de mama
Persoas destinatarias	Mulleres
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Promocionar hábitos de vida saudable tendo en conta o contexto e entorno actual
Medida	Formación sobre xogo online e conductas aditivas
Persoas destinatarias	Infancia e xuventude Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Mellorar a calidade de vida e promover hábitos de vida saudables
Medida	Taller de saúde afectiva-sexual para mulleres adultas
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Área 5 - Sensibilización e erradicación da violencia de xénero

A ONU define a violencia de xénero como “Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto si se produce na vida pública como na vida privada”.

Seguindo a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (Resolución da Asemblea Xeral de Nacións Unidas 48/104 del 20 de decembro. de 1993) **existen diferentes tipos de Violencia de Xénero**, que aparecen en escenarios diversos: na familia, a perpetrada dentro da comunidade e a perpetrada polo Estado.


Atopamos unha serie de causas que inflúen dalgunha forma neste tipo de violencia, como poden ser: os micromachismos, o amor romántico, os mitos, os mandatos culturais, os mandatos legais ou a socialización diferenciada.

Resulta importante facer aquí mención ao iceberg da violencia, a través do cal se diferencia entre as formas de maltrato ou que perpetúan os roles e estereotipos de xénero, dunha forma máis ou menos visible, como son:

Asasinato, Violación, Agresión física, Abuso sexual, Gritar, Insultar, Ameazar

Humillación, Desprezo, Ignorar, Chantaxe emocional, Culpabilizar, Anulación, Control, Invisibilizar, Invasión do espazo íntimo

Micromachismos, Linguaxe sexista, Humor sexista, Publicidade sexista



Por todo isto é preciso **previr e intervir**, mediante actuacións que aborden tales problemáticas, entendendo a importancia de ambas de maneira paralela e complementaria.

Debilidades	Amezas
Falta de difusión dos servizos que forman parte do Programa da Muller dentro da área de igualdade Pouca difusión do plan de igualdade á cidadanía	Alto número de denuncias por violencia de xénero. Pensamento erróneo de que este tipo de violencia xa non existe.
Fortalezas	Oportunidades
Amplitude de servizos ofrecidos no Programa da Muller. Bo funcionamento da mesa de coordinación local contra a violencia de xénero	Variación nas medidas que se levarán cabo na área de igualdade. Maior número de persoas especializadas na prevención e concienciación da violencia de xénero e LGTBIQ+

Obxectivo	Conmemorar, previr a violencia de xénero e reivindicar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
Medida	Programación 8M e 25N
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Previr a violencia de xénero e a LGTBIQ+ e proporcionar información e acompañamento a calquera persoa que o precise
Medida	Puntos violetas nas festas do concello
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes

Obxectivo	Garantir e implementar accións e fórmulas preventivas e ofrecer unha atención integral e de calidade para as vítimas de violencia de xénero.
Medida	Continuar ca participación das mesas locais contra a violencia de xénero
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Caixa de correo de suxestións

Obxectivo	Dar a coñecer a toda a poboación os obxectivos, medidas e actividades pertencentes ao novo plan de igualdade
Medida	Difusión do plan de igualdade
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Previr a violencia de xénero a través da construción de relacións de parella saudables
Medida	Taller sobre os diferentes tipos de relacións, promovendo as relacións sas
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Visibilizar e facilitar todos os recursos proporcionados na área de igualdade
Medida	Mellorar a difusión dos servizos da área de igualdade, a través da actualización da web
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Permanente
Avaliación	Número de visitas á páxina web ou ao concello

Obxectivo	Sensibilizar sobre as violencias que xorden no contexto dixital
Medida	Taller sobre a violencia de xénero no novo contexto dixital
Persoas destinatarias	Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción

Obxectivo	Promocionar habilidades e coñecementos de auto-protección e autodefensa
Medida	Curso defensa persoal con perspectiva de xénero
Persoas destinatarias	Mulleres Poboación en xeral
Concellerías implicadas	Igualdade
Temporalidade	Puntual
Avaliación	Número de persoas asistentes Cuestionario de satisfacción



8



Seguimiento e Avaliación

Unha vez contempladas as áreas de actuación é importante coñecer o alcance dos logros que se conseguen a través deste Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no Concello.

A avaliación é unha ferramenta de mellora da calidade, un proceso sistemático, metódico e neutral que fai posible coñecer os efectos dun programa.

Isto é necesario para poder avaliar dentro de cada área o resultado de cada actividade e ter en conta se os obxectivos marcados se acadaron ou se hai opcións de mellora.

As actividades contan cun método de seguimento e avaliación específica para cada unha, tendo en conta cal de todos os métodos recollidos pode adaptarse mellor aos resultados.

Neste PIOM téñense en conta os seguintes **métodos**:

Caixa do correo de suxestións

Cuestionario de satisfacción

Número de persoas asistentes

Número de visitas á páxina web ou ao concello

Revisión anual por parte das persoas técnicas

Modelo: *cuestionario de chegada e satisfacción*

Acción / Actividade					
Iniciais nome e apelidos					
Xénero					
Método de chegada (ex: redes sociais, taboleiro de anuncios, web...)					
Data de realización			Duración		
Grado de satisfacción (escala en positivo do 1 ao 5)	1	2	3	4	5
Observacións					

Modelo: *de avaliación*

Area					
Acción / Actividade					
Data de realización			Duración		
Descrición da actividade					
Persoas destinatarias					
Número total de persoas participantes			Xénero		
Axentes implicados					
Orzamento invertido					
Observacións					



Agradecimentos

Grazas, a ti, por chegar ata o final, por querer coñecer algunhas das areas nas que vai a ter influencia este documento, ou por querer saber algunhas das actividades ou ferramentas en busca da igualdade pertencentes a este Concello.